

O Consello Escolar do Estado aproba algunhas emendas da CIG mais non acepta as propostas de mellora para o profesorado e o ensino público

O Pleno do órgano de participación só aprobou 12 das 124 emendas presentadas pola CIG-Ensino ao informe da ponencia e ao propio documento de modificación da LOE/LOMCE do goberno, nun total de 121 emendas aprobadas das 551 presentadas.

A anulación da proposta da permanente do Consello Escolar que pretendía que o Ministerio fixase unha proporción mínima do uso do castelán, invadindo as competencias das CCAA con lingua propia como Galiza, ou o rexeitamento a que sigan sendo as institucións relixiosas as que determinen o currículo correspondente á materia de Relixión foron as principais propostas formuladas pola CIG-Ensino no pleno do Consello Escolar do Estado e que obtiveron o respaldo da maioría do Pleno.

Outras propostas relevantes tamén aceptadas gardan relación coa **coeducación**, coa necesidade de que se incorpore un plan de igualdade no Proxecto Educativo dos centros, ou coa **avaliación e promoción na ESO**, evitando que se indiquen expresamente en que dúas materias non se pode ter avaliación negativa (no texto actual da LOMCE figuran as Matemáticas e o Castelán e o Galego).

O respaldo á dotación das bibliotecas escolares, malia que non se aprobou a consideración a todos os efectos do traballo que nela desempeña o profesorado, ou á recuperación neste caso a todos os efectos da coordinación docente nos ciclos en Primaria tamén foi a iniciativa da CIG-Ensino.

Melloras na atención á diversidade e na educación no medio rural


Tamén se aprobou unha indicación concreta de que a necesaria atención á diversidade debe vir acompañada da suficiente dotación de profesorado para reforzar a función titorial, xunto coa ampliación de profesorado de PT e AL e de Orientación. Ao tempo, tamén se deu respaldo á proposta do sindicato de que se dote os centros de figuras

profesionais necesarias para unha plena inclusión, como interpretación de signos ou persoal coidador, etc..

Xunto a esta emenda tamén se aprobou outra que indica que as aulas que escolaricen alumnado con necesidades educativas de apoio educativo vexan reducida a súa ratio.

A proposta de que todas as administracións educativas deban garantir que exista profesorado de todas as especialidades nos centros educativos de Primaria con independencia do seu tamaño, nunha clara referencia á necesidade de dar resposta ao abandono do ámbito rural, contou tamén coa aprobación do Pleno.

A maioría das propostas para a mellora das condicións laborais quedan fóra





A CIG-Ensino fixo especial fincapé na batería de emendas defendidas no Pleno para a mellora das condicións de traballo do profesorado e, por suposto, da atención educativa que isto implica. Desde o **ingreso na función pública docente, cunha proposta de acceso diferenciado, á xubilación anticipada aos 60 anos para todo o persoal docente, pasando pola formación permanente, o aumento de profesorado, a diminución de ratios ou a estabilidade no posto de traballo**, ente outras moitas. Sen embargo, o Consello Escolar viroulle as costas a estas propostas, como xa fixera inicialmente o propio Goberno, que non incluíu ningunha mellora no Anteproxecto. A única novidade, por dicir algo, é o enésimo compromiso de negociar un **Estatuto Docente** que de existir, debe ter un carácter de mínimos para poder, no caso de Galiza, negociar as nosas propias condicións de traballo e a nosa carreira profesional.

A Relixión, os concertos educativos e o marco competencial, centro do debate

A defensa dos postulados máis reaccionarios, na liña da deostada LOMCE, correron da man da patronal, tanto da CEOE como dos centros católicos e privados con ou sen concerto, de cargos institucionais

vinculado ao PP ou da asociación de pais e nais de centros concertados, xunto con sindicatos conservadores, tanto do ensino público como do privado. Así foi coa defensa a ultranza do papel da Relixión, da blindaxe aos centros que segregan alumnado polo seu sexo ou das prerrogativas dos concertos educativos. A cuestión das competencias en materia educativa, tanto na xestión do persoal como no deseño curricular ou nas condicións laborais do profesorado, nun debate necesario suscitado pola numerosas emendas presentadas pola CIG-Ensino, tamén centrou boa parte das votacións.

Mantense a incerteza sobre o futuro da Lei

Logo do seu paso polo CEE, e tendo en conta que non ten carácter vinculante, veremos se se incorporan as escasas melloras propostas ou apoiadas pola CIG-Ensino no Proxecto de Lei que o Goberno deberá presentar no Congreso. A situación política actual e as dúbidas sobre os prazos para tirar abaixo a LOMCE fan que se manteñan todas as incertezas existentes e que, como denunciou a CIG-Ensino onte na súa intervención, se confirme que a vía empregada polo goberno non pareza a máis acaída para derrubar a LOMCE.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal